

# CONVOCATORIA DE MOBILIDADES ERASMUS+ PARA ALUMNADO DA ESCRBCG

## VERÁN DE 2024 + CURSO 2024-2025

O obxectivo desta convocatoria é ofrecer ó estudantado a posibilidade de estancias no estranxeiro, tanto en modalidade de prácticas como de estudos. Neste contexto, a ESCRBCG, a través da coordinación Erasmus+, levará a cabo unha recolleita de solicitudes e unha baremación que permita seleccionar as candidaturas máis apropiadas.

Aínda que na actualidade a escola esgotou xa os fondos Erasmus+ en activo, está en marcha o proceso de concesión de fondos para o curso 2024-2025. Iso significa que **poderemos comezar a executar mobilidades a partir do 15 de xuño de 2024.**

Explícanse a continuación o proceso de solicitude de mobilidade de estudos e prácticas por separado.



# MOBILIDADES DE ESTUDOS

Aínda non foi determinado cantos fondos Erasmus+ e de que tipos serán concedidos para o curso 2024-2025. Por tanto, aínda non podemos establecer un número concreto de mobilidades dispoñibles.

En calquera caso, **para iniciar os trámites preparatorios todo o alumnado que teña intención de facer unha mobilidade de estudos durante o curso 2024-2025 deberá entregar na administración da escola unha solicitude escrita** na que consten os seguintes datos: nome e apelidos, correo electrónico de contacto, curso, especialidade, datas previstas ou propostas para a mobilidade, proposta de centro/s académico/s de destino e títulos que acrediten o coñecemento de idiomas (en caso de telos).

**A data límite é o 10 de xuño de 2024.**

Aínda que non obrigatorio, tamén é moi recomendable que todo o alumnado que prevea realizar unha mobilidade de estudos no curso 2025-2026 entregue esta mesma información no mesmo prazo.



# MOBILIDADES DE PRÁCTICAS

Ante a certeza da próxima concesión de fondos Erasmus+, a **ESCRBCG oferta 3 mobilidades Erasmus+ en modalidade de prácticas, para executar a partir de xuño de 2024**. O resultado desta convocatoria será unha lista baremada de candidaturas, na que as tres primeiras terán asegurado o inicio dun trámite para acadar a mobilidade. A ESCRBCG resérvase a posibilidade de ampliar a oferta segundo a dispoñibilidade orzamentaria.

## 1. REQUISITOS

- Só poderá participar aquel alumnado matriculado na ESCRBCG no curso académico 2023-24. O alumnado que estea rematando os estudos poderá ser seleccionado tamén para realizar a mobilidade no ano seguinte á finalización dos estudos, como “alumnado recentemente titulado”, ata un máximo de 12 meses despois da entrega do TFG.
- O alumno deberá demostrar un coñecemento suficiente do idioma do país de destino. O coñecemento de idioma acreditado formará parte do baremo de selección. Se non se pode presentar título ou certificado, a comisión de selección poderá establecer a obriga dunha entrevista persoal para acreditar a competencia lingüística do alumnado solicitante.
- A nota media mínima para optar a unha mobilidade será dun 7. No caso de que non se cubran todas as mobilidades ofertadas a Comisión Erasmus+ poderá aceptar candidaturas con nota media inferior a 7, que serán baremadas a continuación do resto de solicitudes.



## 2. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR E PRAZOS

O alumnado que queira solicitar unha bolsa Erasmus+ presentará na administración da Escola a seguinte documentación:

- Unha solicitude segundo o modelo adxunto asinada polo alumnado solicitante.
- Currículo en modelo Europass, en inglés e/ou no idioma do centro de destino (<http://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae>)
- En caso de telo, carta ou documento de aceptación da empresa ou centro de destino. Considerarase tamén válida una copia dun correo electrónico onde se manifieste de xeito inequívoco a vontade de aceptar ó alumnado por parte do centro de destino, non sendo necesarios máis detalles.
- Documentación que acredite a posesión de títulos e cursos de idiomas que demostren o coñecemento da lingua do país de destino solicitado e/ou certificados de matrícula en cursos de idiomas na actualidade.

Deberase presentar toda a documentación na **data límite de 24 de maio de 2024**.

## 3. SELECCIÓN DE ASPIRANTES E BAREMO

Será a Coordinación Erasmus+ da ESCRBCG quen leve a cabo o proceso de selección, atendendo aos criterios indicados a continuación. Terán prioridade na selección as solicitudes que cumpran algunha das seguintes condicións, por esta orde:

1. Alumnado solicitante de prácticas recoñecidas con créditos ECTS (prácticas externas curriculares).
2. Alumnado de cuarto curso.
3. Alumnado que presente un documento de aceptación no centro de destino.

En todo caso, aplicaranse os seguintes criterios para asignar as mobilidades:



## **1. Expediente académico (máximo 10 puntos).**

Valorarase o expediente académico (nota media aritmética) na data límite de entrega de solicitudes. En calquera caso, a nota media mínima para optar a unha mobilidade será dun 7. No caso de que non se cubran todas as mobilidades ofertadas a Comisión Erasmus+ poderá aceptar candidaturas con nota media inferior a 7.

## **2. Coñecemento de idiomas (máximo 2 puntos).**

Este apartado valorarase en función das certificacións oficiais que acrediten posuír as competencias correspondentes aos seguintes niveis do marco común europeo de referencia para as linguas:

- Nivel intermedio (B1 ou equivalente): valorarase con 1 punto.
- Nivel avanzado (B2 ou equivalente): valorarase con 1,5 puntos.
- Nivel avanzado (C1 ou equivalente): valorarase con 2 puntos.
- No caso de que o alumnado estea a cursar estudos conducentes á obtención dalgún título en idiomas (e presente o certificado de matrícula válido), a valoración será de 0,5, 0,75 e 1 respectivamente).

## **3. Carta de motivación (máximo 1 punto).**

A Coordinación Erasmus+ valorará neste documento a implicación do alumnado para a realización das prácticas. O alumnado deberá explicar as razóns polas que desexa participar nunha mobilidade e o beneficio que pensa que poderá extraer da actividade. Información relevante é o centro ou centros de destino propostos, o tipo de prácticas que lle gustaría facer, as ideas ou conceptos preliminares que desexa aprender, investigar e/ou desenvolver, o impacto posible como participante, pero tamén para a profesión ou para a escola, a maneira en que a persoa participante axudará a comunicar e difundir a mobilidade, etc. Terase en conta tamén neste epígrafe a entrega dun documento ou mensaxe que certifique a aceptación preliminar por parte do centro ou empresa de destino.



#### **4. Participación previa en mobilidades Erasmus+ (-2 puntos por mobilidade).**

O ideal é que o máximo número de alumnado posible poida beneficiarse do programa Erasmus+. Fomentárase por tanto a entrada de novas participantes, de maneira que ter participado previamente repercutirá negativamente na baremación. Cada mobilidade de prácticas realizada suporá unha valoración de -2 puntos no cómputo final.

**(PARA UN RESUMO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E BAREMO,  
VÉXASE O ANEXO II)**

#### **4. ADXUDICACIÓN E RESOLUCIÓN.**

Pechado o prazo de presentación de solicitudes, a ESCRBCG publicará a lista de persoas admitidas e excluídas nun prazo máximo de 10 días naturais. O resultado será un listado provisional ordenado polo baremo. As solicitantes poderán reclamar á lista de admitidas e tamén ó baremo durante un prazo de 5 días dende a publicación da resolución provisional. Nun máximo de 5 días despois, a ESCRBCG publicará a resolución definitiva.

As publicacións faranse no taboleiro de anuncios do corredor e no apartado Erasmus+ da páxina en rede.

Só as tres primeiras persoas do baremo terán asegurado o inicio dun trámite para acadar a mobilidade. A ESCRBCG resérvase a posibilidade de ampliar a oferta segundo a dispoñibilidade orzamentaria, empregando este listado baremado para establecer a orde de axudicación.



## 5. AUTORIZACIÓN DO EMPREGO DE DATOS PERSOAIS POR PARTE DO PARTICIPANTE.

O alumnado participante nunha das mobilidades Erasmus+ organizadas pola ESCRBCG comprométese a:

- Entregar na Secretaría da ESCRBCG toda a documentación que se lle requira, así como a comunicar calquera cambio relacionado coa estancia.
- Aceptar que a ESCRBCG poida transferir parte dos seus datos persoais para a realización de estudos ou enquisas posteriores á participación no programa, na medida en que os procedementos do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) así o requiran. Estes datos tamén poderán ser transferidos a futuros/as estudantes participantes no mesmo programa, unicamente para facilitar outras estancias e mobilidades e mellorar a calidade das mesmas.
- Colaborar con aquelas iniciativas da ESCRBCG destinadas á difusión dos proxectos relacionados coa mobilidades Erasmus+, incluíndo publicacións en RRSS, charlas, congresos etc.

Asinado, a 2 de maio de 2024, a Comisión Erasmus+ da ESCRBCG,



# ANEXO I

## MOBILIDADES DE PRÁCTICAS

### MODELO DE SOLICITUDE





# ANEXO II

## MOBILIDADES DE PRÁCTICAS - RESUMO

### PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

- Revisión de cumprimento dos requisitos iniciais.
- Expedientes con nota media superior a 7.
  1. Alumnado que solicite prácticas externas curriculares, ordenado polo baremo.
  2. Alumnado de cuarto curso, ordenado polo baremo.
  3. Alumnado que presente un documento de aceptación no centro de destino, ordenado polo baremo.
  4. Resto do alumnado, ordenado polo baremo.
- No caso de que non se cubran as tres mobilidades, teranse en conta expedientes con nota media inferior a 7.
  1. Alumnado que solicite prácticas externas curriculares, ordenados polo baremo.
  2. Alumnado de cuarto curso, ordenado polo baremo.
  3. Alumnado que presente un documento de aceptación no centro de destino, ordenado polo baremo.
  4. Resto do alumnado, ordenado polo baremo.
- Despois de establecer o listado baremado poderán organizarse entrevistas para certificar a capacidade lingüística.
- Se as circunstancias o aconsellan e existe dispoñibilidade orzamentaria, poderán aumentarse as mobilidades empregando a orde de lista publicada, ata a publicación dunha nova convocatoria.

### BAREMO

- Expediente académico (máximo 10 puntos).
- Coñecemento de idiomas (máximo 2 puntos).
- Carta de motivación (máximo 1 punto).
- Participación previa en mobilidades Erasmus+ (-2 puntos por mobilidade).

